## Acción 3: Fomento do Cooperativismo.



Tendo en conta as potencialidades da formula empresarial cooperativa para o desenvolvemento local, a Concellaría de Emprego, seguindo a liña de actuacións iniciada no ano 2010, organizará en colaboración coa Consellería de Traballo unha serie de actuacións tendentes a difundir as vantaxes ofrecidas polas diferentes formas xurídicas da economía social.

Tralo éxito de participación alcanzado no, a Concellaría está a planificar un programa de actuacións, que incluirá:

- Curso de Cooperativismo.
- Implantación dun Servizo de Titorización de Proxectos de Cooperativismo.
- Visita a unha Cooperativa.

| FOMENTO DO COOPERATIVISMO | |
|---|---|
| OBXECTIVOS | - Transmitir os valores cooperativos, a súa repercusión na sociedade e as características do seu modelo empresarial.<br>- Divulgar o modelo cooperativo en aqueles sectores nos que conta con menos presenza: |

| | |
|---|---|
| | · Integración e servizos sociais.<br>· Servizos para pequenas empresas.<br>· Servizos no ámbito da cultura e do tempo libre …<br>- Difundir o Programa de Fomento de Empresas de Economía Social e Promoción do Cooperativismo. |
| CARACTERÍSTICAS XERAIS | Tratase de por en marcha unha serie de actuacións co fin de dar a coñecer as vantaxes que ofrecen as diferentes formas xurídicas da economía social, como alternativa de inserción laboral. |
| DESTINATARIOS | Emprendedores que queiran constituír a súa empresa na área de O Porriño. |
| FORMA DE ACCESO | Previa cita, achegándose ó centro, ou ben chamando ao teléfono: 986 33 82 17, ou comunicándose vía e-mail: axente.emprego@porremprego.org. Ou a través da páxina www.porremprego.org |
| EQUIPO | - Técnicos de Emprego.<br>- Equipo Administrativo |
| PREVISIÓN ANUAL | · Un Curso de Cooperativismo.<br>· Implantación dun Servizo de Titorización de Proxectos de Cooperativismo: 20 usuarios. |

| | |
|---|---|
| | · Visita a unha Cooperativa |
| FINANCIAMENTO | Concello do Porriño<br>Xunta de Galicia<br>Fondo Social Europeo |

